

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 20 de maio de 2008, da Dirección Xerencia do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de concurso de méritos, de determinados postos vacantes de persoal sanitario diplomado.

Convocada por Resolución do 4 de febreiro de 2008 (DOG nº 50, do 11 de marzo) a provisión de determinados postos vacantes de persoal sanitario diplomado, polo sistema de concurso de méritos, esta dirección xerencia, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG nº 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión de postos de xefatura e coordinación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 3 da devandita orde e no artigo 5.1º j) da Orde do 8 de maio de 2006 (DOG nº 99, do 25 de maio) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión de determinados postos de persoal sanitario diplomado, anunciada por Resolución do 4 de febreiro de 2008 (DOG nº 50, do 11 de marzo).

Segundo.-Nomear, para os postos que se indican, as persoas relacionadas no anexo desta resolución.

Terceiro.-Os aspirantes nomeados deberán cesar na praza que desempeñen dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se refiren os parágrafos anteriores poderán ser prorrogados polo órgano convocante.

O prazo de toma de posesión e a súa prórroga terán a consideración de servizo activo, percibindo os correspondentes haberes de conformidade co que establece a orde sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular e será declarado nesa situación polo órgano competente, quen non se incorpore ao posto adxudicado no prazo establecido.

Quinto.-Contra esta resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada perante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

Monforte de Lemos, 20 de maio de 2008.

Francisco Javier Puente Prieto
Director xerente do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos

ANEXO

Posto de traballo: supervisor/a da Unidade de Enfermaría de Urgencias e Observación de Urgencias.

Nome e apelidos: M^a Teresa Rodríguez Gómez.
DNI: 33838953-L.

Posto de traballo: supervisor/a da Unidade de Enfermaría de Hospitalización de Traumatoloxía e Cirurxía.

Nome e apelidos: Isabel López Losada.
DNI: 34259444-R.

Posto de traballo: supervisor/a da Unidade de Enfermaría de Consultas Externas e Probas Especiais.

Nome e apelidos: María Artemia Sánchez López.
DNI: 34940283-V.

Resolución do 29 de maio de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se publican os prazos posesorios do concurso de traslados para a provisión de prazas de diversas categorías convocado por Resolución do 20 de xuño de 2007.

De conformidade co previsto na base oitava da Resolución do 20 de xuño de 2007 (DOG nº 125, do 29 de xuño) pola que se convoca concurso de traslados para a provisión de prazas de licenciados sanitarios do Servizo Galego de Saúde, publicadas con anterioridade no *Diario Oficial de Galicia* as oportunas resolucións definitivas deste concurso de traslados, este centro directivo

ACORDA:

Primeiro.-Facer público que a partir do primeiro día hábil, inclusive, seguinte ao da publicación desta resolución comezarán a contar os prazos posesorios para que os organismos afectados efectúen as

actuacións administrativas procedentes, do concurso de traslados para a provisión de prazas pertencentes ás categorías de alergoloxía, análises clínicas, anatomía patolóxica, anestesioloxía e reanimación, anxioloxía e cirurxía vascular, aparello dixestivo, cardioloxía, cirurxía pediátrica, cirurxía xeral e aparello dixestivo, dermatoloxía médico-cirúrxica e venereoloxía, endocrinoloxía e nutrición, farmacéutico de atención primaria, farmacia hospitalaria, hematoloxía e hemoterapia, medicina física e rehabilitación, medicina intensiva, medicina interna, medicina nuclear, medicina preventiva e saúde pública, médico urxencias hospitalarias, microbioloxía e parasitoloxía, nefroloxía, pneumoloxía, neurocirurxía, neurofisioloxía clínic, neuroloxía, obstetricia e xinecoloxía, oftalmoloxía, oncoloxía médica, otorrinolaringoloxía, pediatría e as súas áreas específicas, psicoloxía clínic, psiquiatría, radiodiagnóstico, reumatoloxía, traumatoloxía e cirurxía ortopédica e uroloxía do Servizo Galego de Saúde, resolto definitivamente por resolución da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do 16 de abril de 2008 (DOG nº 82, do 29 de abril).

Segundo.-De conformidade co establecido na base oitava da convocatoria, os concursantes que obteñan praza deberán cesar na que, se é o caso, desempeñan dentro dos tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución definitiva.

A toma de posesión da nova praza deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e a adxudicada son da mesma área de saúde; no prazo de quince días hábiles se as prazas son de distinta área de saúde dentro do Servizo Galego de Saúde ou no prazo dun mes se a praza desempeñada corresponde a outro servizo de saúde. Para estes efectos, entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos. Non disporán de ningún dos prazos posesorios sinalados aqueles adxudicatarios de praza no concurso que xa viñeran ocupando praza no mesmo centro de destino ou localidade, en virtude de comisión de servizos ou reingreso provisional.

No caso de que a adxudicación da praza supoña o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución definitiva do concurso.

O prazo de cesamento iniciárase cando finalice o permiso ou licenza que, se é o caso, lle fose concedido ao interesado, agás que por causas xustificadas se acorde suspender o seu desfrute.

Se así o permiten as necesidades do servizo e por petición do interesado, o prazo de toma de posesión poderá ser prorrogado polo órgano convocante.

Cando un concursante non tome posesión da súa nova praza dentro do prazo ou, se é o caso, da pró-

rroga que pola súa petición motivada se lle concedese, entenderase que solicita a excedencia voluntaria por interese particular como persoal estatutario, e será declarado en tal situación polo órgano convocante do concurso.

Non obstante o anterior, se existisen causas suficientemente xustificadas, así apreciadas, logo da audiencia do interesado, pola División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, poderase deixar sen efecto a devandita situación. Neste caso o interesado deberá incorporarse ao seu novo destino tan pronto desaparezan as causas que no seu momento o impediron.

Agás cando a resolución do concurso implique o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión e, se é o caso, a prórroga deste, terá a consideración de servizo activo, percibíndose os correspondentes haberes conforme as normas establecidas na vixente orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas de persoal ao servizo da Administración autonómica.

A toma de posesión dos novos destinos adxudicados nesta resolución efectuarase de modo simultáneo á dos aspirantes que sexan seleccionados no proceso selectivo convocado polas resolucións da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 19 e do 22 de decembro de 2006 (DOG nº 246, do 26 de decembro e DOG nº 247, do 27 de decembro).

Terceiro.-A publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* serviralles de notificación aos interesados.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2008.

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego
de Saúde

Resolución do 2 de xuño de 2008, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se declara rematado o proceso selectivo para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario, se nomean os aspirantes seleccionados como persoal estatutario fixo e se lles adxudica con carácter de destino definitivo a praza correspondente.

A base novena da resolución da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde do 8 de agosto de 2006 (DOG nº 156, do 14 de agosto), do 19 de decembro de 2006 (DOG nº 246, do 26 de decembro) e do 22 de decembro de 2006 (DOG nº 247, do 27 de decembro), polas que se convoca concurso-oposición para o ingreso en determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, dispón que,